



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA  
**SECRETARÍA XERAL**  
Patrimonio e contratación

**Expediente: PCO.001.2024.00244**

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO GRUPO 8 AS PONTES, IRIXOA, MONFERO E VILARMAIOR (2024.1100.0009.0)**

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

1.- A Mesa de Contratación na súa reunión de data 30 de maio de 2024 procedeu, entre outros asuntos, á apertura das ofertas presentadas para a licitación das obras GRUPO 8 AS PONTES, IRIXOA, MONFERO E VILARMAIOR (2024.1100.0009.0) incluídas no plan ACONDICIONAMENTO-CONSERVACIÓN VÍAS PROVINCIAIS 2024 e acordou declarar incluídas na licitación a todas as empresas participantes.

2.- Na Mesa de Contratación celebrada o día 20 de xuño de 2024, unha vez desbotadas as ofertas anormais ou desproporcionadas e non xustificadas suficientemente, propónse a adxudicación á empresa JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES S. A por ser a oferta mellor valorada, nun importe de 345.698,26 € IVE excluído.

Neste sentido aprobouse requirir a documentación necesaria para á adxudicación do contrato, mediante Resolución 27030 de 26 de xuño de 2024.

3.- No entanto, posteriormente, comprobouse a existencia dun empate entre dúas ofertas, a previamente citada e a presentada pola empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L. que tamén oferta o importe de 345.698,26 € IVE excluído.

Neste caso, o prego que rexe esta licitación establece como criterio de desempate o seguinte:

*“En caso de que, aplicando los criterios de valoración, dos o más empresas empaten en la mayor puntuación tendrá preferencia en la adjudicación aquella empresa que, al vencimiento del plazo de presentación de ofertas, tenga en su personal un porcentaje de trabajadores con discapacidad superior a lo que les imponga la normativa.*

*En este supuesto, si varias empresas licitadoras de las que habían empatado en cuanto a la proposición más ventajosa acreditan tener relación laboral con personas con discapacidad en un porcentaje superior a lo que les imponga la normativa, tendrá preferencia en la adjudicación del contrato el licitador que disponga del mayor porcentaje de trabajadores fijos con discapacidad en su personal.”*

Analizada a documentación presentada polas empresas, compróbase que:

- A empresa JOSE NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES S.A. declara unha porcentaxe de traballadores con discapacidade en persoal do 0%

- A empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L. declara unha porcentaxe de traballadores con discapacidade en persoal do 1,35%

En consecuencia a Mesa de Contratación de 15 de xullo de 2024 propón a adxudicación á empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L. e a comunicación deste acordo ás empresas interesadas.

4.- Mediante Resolución de Presidencia número 31571 de data 30 de xullo de 2024 requiriuse á empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L. (NIF: B15293145), que presentou a oferta máis vantaxosa para a contratación das referidas obras para que presentase a documentación esixida no artigo 150 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

5.- A citada empresa presentou a documentación requirida.

De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación,

## RESOLVO:

1.- Rexeitar as ofertas con valores anormais ou desproporcionados e que non foron xustificadas suficientemente presentadas por:

Licitador
OGMIOS PROYECTO, S.L.
ALVAC S.A.
PAVALCO OBRA CIVIL, S.L.
CANARGA, S.L.
BCNOR Gestion y Soluciones Avanzadas S.L.

2.- Adxudicar mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración o contrato de execución das obras de referencia á empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L. (NIF: B15293145), con domicilio en AGRA DOS CREGOS, 28 BAIXO, ZAS, 15850, A CORUÑA, nas seguintes condicións:

- 2.1. Información do contrato  
 Tipo de Contrato: Contrato administrativo típico - Obras  
 Aberto - Cun único criterio de adxudicación
- 2.2. Prezo de licitación (€):  
 Orzamento (IVE excluído): 368.941,59  
 Importe IVE: 77.477,73  
 Orzamento (IVE incluído): 446.419,32
- 2.3. Prezo de adxudicación (€):  
 Orzamento adxudicación (IVE excluído): 345.698,26  
 Importe IVE: 72.596,64  
 Orzamento adxudicación (IVE incluído): 418.294,90

Prodúcese unha economía de 28.124,42 €

2.4. Prazo de execución: 5 meses

2.5. O prezo do contrato poderá aboarse con cargo á aplicación 2024/0410/4531/61900

3.- Requirir ao adxudicatario para que concorra a formalizar o contrato o día que para o efecto se lle sinale, logo de depósito na Caixa da Corporación das taxas por formalización de contratos administrativos, advertíndolle de que se non cumprise os requisitos para a celebración do contrato no prazo establecido, seguiráanse os trámites e efectos previstos no artigo 153 do LCSP.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte o da notificación do presente acordo. No seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte o da notificación da presente resolución. Non obstante, se o considerase conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.